

PROCEDEMENTO: AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE RODAXES AUDIOVISUAIS EN GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027 (CT207G)

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Expediente: AG/S/2025RA/B/0002

Titular: VACA NET TV, SL

NIF: B70589593

Tipo: Servicio de produción de longametraxe

Título de la operación: "El Lobo"

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 16 de Xuño de 2025, no DOG núm113, publicase a Resolución do 2 de xuño do 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 20221-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
2. Con data 26 de Xuño de 2025, ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a solicitude de axuda da entidade VACA NET TV, SL, NIF B70589593, dando lugar á apertura do expediente AG/S/2025RA/B/0002 do procedemento CT207G.
3. Examinada a solicitude, a documentación complementaria que a acompaña e realizadas as pertinentes comprobacións dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, emítase o correspondente informe da instrución.
4. En data 24 de xullo de 2025 o Director da Axencia Galega das industrias Culturais (Agadic), emite proposta de resolución de concesión da axuda.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, de conformidade co disposto no artigo 15 da Resolución do 10 de xuño do 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 20221-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución, que deberá estar debidamente motivada.

2. O artigo 14 das bases da convocatoria establece que na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado en que a proposta provisional de resolución será efectuada pola dirección da Axencia, quen actuará como órgano instructor, correspondéndolle realizar, de oficio, cantas actuacións considere necesarias.

3. O artigo 15.1 das bases da convocatoria establece que o órgano instructor, tras a comprobación do cumprimento dos requisitos por cada solicitude, elevará a proposta de resolución de concesión definitiva ao Presidente do Consello Reitor da Agadic.

4. En data 24 de xullo de 2025, o Director da Agadic trala instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

Conceder a axuda solicitada ao abeiro da Resolución do 12 de xuño do 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco





do Programa Galicia FEDER 20221-2027, a Vaca Net TV SL, NIF B70589593, para o proxecto "El Lobo", por importe de 300.000 euros, distribuídos en dúas anualidades, e segundo se reflicte no cadro que sigue e de conformidade coas condicións anexadas á presente resolución:

Expediente	AG/S/2025RA/B/0002	
Tipo de proxecto	Servizo de Producción de langometraxe	
Título do proxecto	"El Lobo"	
Persoa solicitante	Vaca Net TV SL	
CIF/NIF	B70589593	
Custo total da operación	4.278.610€	
Custo total subvencionable	4.002.000€	
Modalidade da subvención	A fondo perdido	
Importe da subvención	300.000 euros , distribuídos en dúas anualidades:	
	Anualidade 2025	150.000 euros
	Anualidade 2026	150.000 euros
Importe con fondos FEDER	300.000 euros	

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose exxpreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o



solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución a entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos





1. CONDICIÓN PARTICULARES

1.1. Definición do proxecto apoiado:

- a) Título: El Lobo
- b) Obxecto: servizo de produción de serie de ficción
- c) Categoría de rexión: En transición.
- d) Ubicación: Galicia (ES11)
- e) Empresa: Vaca Net TV SL
- f) Tipo: Servizo de produción de serie
- g) Actividade: Servizo de produción
- h) Intensidade da axuda:

Criterios	Porcentaxe
Empresa que acredita a actividade en Galicia, co proxecto de servizo de produción de serie de ficción cun importe mínimo para o proxecto subvencionable de 1.300.000€	18%
Total:	18%

1.2. Conceptos subvencionables do proxecto

- a) Coste total: 4.278.610 €
- b) Coste total subvencionable: 4.002.000 €
- c) Conceptos e importes subvencionables





Conceptos subvencionables	Importe subvencionable	%
Costes directos (persoal)	2.742.000€	100%
Costes indirectos (distintos de persoal)	1.096.800€	40% dos costes de persoal
Total		3.838.800€

Importe subvencionable €	Intensidade da axuda		Subvención €
3.838.800 €	18%	690.984 €	¹ 300.000

¹ Para calcular a contía da axuda concedida tivéronse en conta os límites establecidos no artigo 3.6 e 4 da Resolución do 2 de xuño de 2025 (DOG nº 113, do 16 de xuño), pola que se publican as bases reguladoras desta axuda.

O método aplicado para determinar o importe dos gastos subvencionables e, polo tanto o importe da subvención, baséase nos custos directos de persoal a custo real e, para o resto de custos subvencionables da operación, aplicase nun tipo fixo do 40% de forma directa, cuxo cálculo se efectuará sobre o importe de custos directos de persoal, de conformidade co establecido no artigo 56 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060.

1.3. Execución do proxecto:

DATA DE SOLICITUDE	26/06/2025
DATA DE INICIO DO PROXECTO	11/08/2025
DATA LÍMITE DE EXECUCIÓN	30/09/2026
PRAZO DE XUSTIFICACIÓN	1ª Anualidade: resolución de concesión ata 10/12/2025 2ª Anualidade :11/12/2025 ata o 30/09/2026
CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN EN PRAZO	Perderase o dereito ao cobro da axuda



2. CONDICIÓNS DERIVADAS DO COFINANCIAMENTO DA AXUDA CON FONDOS EUROPEOS

Primeiro.- Esta subvención ampárase no artigo 54 do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior (DOUE L 187, do 26 de xuño). En concreto, os réximes de axudas concibidos para apoiar a elaboración de guións, e o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais.

Segundo.- Ningún dos custos alegados sobre os que se solicita subvención poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable, de acordo coa existencia de efecto incentivador previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión.

Considérase que o proxecto xa foi iniciado cando exista un primeiro compromiso en firme para a contratación ou para a adquisición dalgún dos elementos integrantes do proxecto, entendéndose por proxecto calquera dos investimentos comprendidos na solicitude da axuda. Neste sentido, considérase que existe compromiso en firme no caso da existencia dun contrato ou oferta asinado entre as partes, ou da existencia dun pedido, para calquera dos elementos subvencionables. Para estes efectos, determinados traballos preparatorios, como a obtención de permisos ou a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio dos traballos.

Terceiro.- Esta axuda está cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento FEDER do 60%, computando como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible das persoas beneficiarias polo 40% restante.

Obxectivo político 1: Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha



transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3. O reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Liña de actuación 1.3.01. Apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das pemes, para promover o crecemento sustentable, a competitividade e a creación e o mantemento do emprego.

Subtipo de acción: 1.3.1.7. Impulso do tecido do sector audiovisual galego e de Galicia como escenario de rodaxes.

Ámbito de intervención 021. Desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores de realización asociados a esta axuda son os seguintes:

Identificador: RCO01

Nome: empresas apoiadas.

Unidade de medida: empresas.

Valor estimado para esta operación: unha empresa.

Identificador: RCO02

Nome: empresas apoiadas a través de subvencións.

Unidade de medida: empresas.

Valor estimado para esta operación: unha empresa.



A axuda concedida á persoa beneficiaria contribuirá á consecución do seguinte indicador de resultado:

Identificador: RCR02

Nome: investimentos privados que acompañan ao apoio público.

Unidade de medida: euros

Valor de referencia: 3.702.000€

As dimensións do proxecto son:

Dimensión 1 – Tipo de intervención: 021

Dimensión 2 – Forma de financiamento: Subvención.

Dimensión 3 – Mecanismo de intervención territorial e enfoque territorial: número 26

Dimensión 4 – Actividade económica: 25. Artes, espectáculos, industrias creativas e ocio.

Dimensión 5 – Ubicación: S11

Dimensión 6 – Igualdade de xénero: 03. Neutralidade desde o punto de vista do xénero.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, de Disposicións Comúns (RDC), e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento. Ademais, se exige o cumprimento da normativa recollida na Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.





A concesión desta axuda supón:

- A declaración de que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto e garantir a súa sostibilidade financeira.
- A aceptación a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións. A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto :
<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.
- Que a detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes xuros de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado da persoa beneficiaria reducirán a axuda FEDER da operación.
- A obriga de cumprir coa normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e a normativa sobre accesibilidade para persoas con discapacidade que resulte de aplicación.
- A consecuencia do desistimento ou renuncia á axuda solicitada será a perda do dereito á súa percepción.



A persoa beneficiaria comprométese a:

- Executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención no prazo establecido na presente resolución e a xustificar ante a Agadic o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión e o desfrute da mesma.
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.
- Someterse ás actuacións de control e análise de riscos que poida efectuar a Autoridade de Xestión do programa e, se é o caso, os órganos competentes do Organismo Intermedio con axuda de ferramentas informáticas da Unión Europea, en particular a aplicación informática Arachne.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que deba efectuar o órgano concedente, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e, no seu caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control. Para tal fin, garantírase que os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos subvencionables da operación, se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se lle efectúe o último pagamento, de acordo co artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.



- Comunicar á Agadic a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobro da subvención.
- Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, segundo o establecido no artigo 17.k das bases reguladoras.
- Evitar os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio Do no significant harm-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.
- Introducir os datos e os documentos dos que sexa responsable, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos de acordo ás especificacións determinadas na convocatoria de axudas (<https://sede.xunta.gal>). A tal efecto deberá presentar as correspondentes xustificacións da subvención de conformidade co procedemento e nos prazos sinalados no artigo 19 das bases reguladoras.
- No caso de que o órgano concedente, trala consulta ao Rexistro Central de Titularidades Reais, non dispoña de datos sobre a titularidade real dos perceptores de financiamento, a persoa beneficiaria da axuda está obrigada a facilitar esta identificación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión segundo o establecido no artigo 18 das bases reguladoras e no resto dos casos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



O organismo intermedio baixo cuxa xestión está a persoa beneficiaria do proxecto é a Xunta de Galicia.

O organismo que selecciona a operación e expide o DECA é a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

En relación coa publicidade do financiamento:

De conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e Anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a persoa beneficiaria recoñecerá a axuda dos fondos europeos, a través do FEDER, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe , indicando o proxecto obxecto de subvención:



b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA

c) Exibirá nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda con fondos da Unión Europea no marco del programa Galicia FEDER 2021-2027. Nos casos nos que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o cartel indicado no apartado a), arriba referenciado. Este cartel deberá estar presente en todos os lugares onde se desenvolva o obxecto da axuda, tanto nos lugares de gravación durante a súa realización (sen interferir nela) como na sede do centro de traballo principal. Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

d) Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a entidade colaboradora deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

e) Engadirá, nos títulos de crédito iniciais ou finais da produción, cando se trate dunha



longametraxe, en tarxeta única, a mención «Rodado en Galicia como proxecto cofinanciado pola Unión Europea no marco del programa Galicia FEDER 2021-2027, coa subvención da Xunta de Galicia», utilizando as súas marcas principais. No caso das series, a tarxeta única deberá figurar nos títulos de crédito iniciais do primeiro capítulo ou nos créditos finais de cada un dos demais capítulos, onde se deberá engadir a referencia « Rodado en Galicia como proxecto cofinanciado pola Unión Europea no marco del programa Galicia FEDER 2021-2027, coa subvención da Xunta de Galicia», utilizando as súas marcas principais.

f) Respektará, en todo caso, as directrices contidas no documento «Uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027» (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf), e as características técnicas descritas no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.

